

# MEMORIA DO PROXECTO DE DIRECCIÓN

**CENTRO** CEIP ILLA VERDE 27016728

**CURSO 2020/21**



**Illa Verde**

CEIP DE LUGO

Carlos Vázquez Fernández  
DNI: 76623517Y  
Período 2017-2021

## INDICE

INDICE.....	0
1. INTRODUCCIÓN.....	1
2. PROXECTO DE DIRECCIÓN. GRAO DE CONSECUCIÓN DOS OBXECTIVOS PROPOSTOS. RECURSOS E DIFICULTADES.....	2
3. SITUACIÓNS QUE AMPLIARON OU MODIFICARON O PROXECTO INICIAL.....	10
4. REFERENCIA AOS CRITÉRIOS DE AVALIACIÓN ESTABLECIDOS NO ARTIGO 4 DA ORDE DO 21 DE DECEMBRO DE 2010.....	10
A- DINAMIZACIÓN DOS ÓRGANOS DE GOBERNO E DE COORDINACIÓN DOCENTE DO CENTRO E O IMPULSO DA PARTICIPACIÓN NESTES DOS DIVERSOS COLECTIVOS DA COMUNIDADE EDUCATIVA. ....	10
B- XESTIÓN DOS RECURSOS HUMANOS E MATERIAIS PARA PROPORCIONAR UNA OFERTA EDUCATIVA AMPLA E AXUSTADA ÁS DEMANDAS SOCIAIS. ....	12
C- ORGANIZACIÓN DE ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES QUE FAVOREZAN A APERTURA DO CENTRO, CONECTANDO ESTE CO SEU CONTORNO.....	13
D- DISPOÑIBILIDADE PARA ATENDER AO ALUMNADO E ÁS SÚAS FAMILIAS, OFRECENDO INFORMACIÓN E RESPONDENDO ÁS SÚAS DEMANDAS. ....	14
E- IMPULSO E POSTA EN MARCHA DE PROGRAMAS DE INICIATIVAS DE INNOVACIÓN E FORMACIÓN QUE MELLORE O FUNCIONAMENTO DO CENTRO. ....	15
F- DINAMIZACIÓN DA ATENCIÓN Á DIVERSIDADE DOS ALUMNOS CONNECESIDADES EDUCATIVAS ESPECIAIS. ....	18
G- OUTROS.....	19
5. CONCLUSIÓNS E PROPOSTAS DE MELLORA.....	19

*Orde do 21 de decembro de 2010 pola que se regula o procedemento de avaliación das direccións dos centros docentes públicos en que se imparte algunha das ensinanzas reguladas na Lei orgánica de educación.*

O Decreto 120/2002, do 22 de marzo, regula a consolidación parcial do complemento específico das direccións dos centros docentes públicos e establece no artigo 7º que a valoración positiva da función da dirección do centro é requisito previo e necesario para a consolidación do complemento que se regula no propio decreto.

Asemade, o Decreto 29/2007, do 8 de marzo, regula a selección, nomeamento e cesamento dos directores e directoras dos centros docentes públicos en que se imparten as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

O artigo 15º.2 deste decreto prescribe que os nomeamentos das direccións poderán ser renovados, por petición do persoal interesado, por períodos de igual duración, ata un máximo de tres mandatos, logo da avaliación positiva do traballo desenvolvido ao final destes, oídos o claustro de profesores e o consello escolar.

*Lei Orgánica 3/2020 de 29 de decembro, Artigo 136.2.* O nomeamento dos directores ou directoras poderá renovarse, por períodos de igual duración, previa avaliación positiva do traballo desenvolvido ao final dos mesmos, oído o Consello Escolar. Os criterios e procedementos desta avaliación serán públicos. As Administracións educativas poderán fixar un límite máximo para a renovación dos mandatos.

## **MEMORIA DO PROXECTO DE DIRECCIÓN DO CEIP ILLA VERDE DE LUGO**

### **1. Introducción**

Hai catro anos presentei un proxecto de dirección no que se establecían unha serie de ideas básicas para a organización xeral do centro así como as liñas de actuación para a consecución dos obxectivos marcados para o cuatrienio 2017/2021. Nel establecí como obxectivos principais:

- ✓ Manter e potenciar un clima escolar e un ambiente de traballo seguro e acolledor.
- ✓ Coidar e favorecer a boa relación entre os distintos sectores da comunidade educativa.
- ✓ Potenciar ao máximo as aprendizaxes e a adquisición das competencias básicas do noso alumnado, así como a formación permanente do profesorado e do equipo directivo.
- ✓ Procurar un contorno agradable.

Estes obxectivos pretendían desenvolvelos encadrados coas sinais de identidade do centro recollidas no PEC: respectuoso coa diversidade de crenzas, integrador, que recoñeza e acepte a diversidade dos alumnos, sen establecer diferenza por razóns de raza, capacidades, relixión, sexo ( facendo especial fincapé na educación e formación para a igualdade entre homes e mulleres; con tolerancia

zero á violencia de xénero e aplicando activamente principios pedagóxicos de respecto á identidade e á imaxe das mulleres -Decreto Lexislativo 2/2015-; potenciando a Normalización Lingüística, para que os nosos alumnos/as teñan plena competencia en ámbalas dúas linguas oficiais

(Decreto 79/2010, de 20 de maio, para el plurilingüismo non ensino) e potenciando as linguas estranxeiras; buscando a formación integral dos nosos alumnos/as (non só a formación científica) e que transmita unha verdadeira educación en valores (coeducación, dignidade, tolerancia, igualdade, xustiza) respecto ás persoas e ao medio ambiente.

## **2. Proxecto de dirección. Grao de consecución dos obxectivos propostos. Recursos e dificultades**

Representar á Administración Educativa e ao propio centro.

Garantir o cumprimento das leis, así como dos acordos e das decisións que os diferentes órganos, tanto de xestión como de coordinación docente, tomen no exercicio das súas competencias

Dirixir e coordinar todas as actividades do centro.

Promover e impulsar plans cara a consecución dos obxectivos do PE.

Impulsar a colaboración coas familias, organismos ... e fomentar un clima escolar que favoreza o estudo e o desenvolvemento de cantas actuacións propicien unha formación integral en coñecementos e en valores das alumnas/os.

Favorecer a convivencia no centro.

Promover plans de mellora da calidade do centro.

Impulsar procesos de avaliación interna do centro.

Ser portavoz das inquedanzas e das realidades da tarefa docente no día a día e das necesidades que ás veces non son moi visibles cando non se está en contacto coa realidade das aulas.

Xestionar a resolución de todos aqueles problemas que xurdan, tanto a nivel académico, burocrático e/ou de mantemento e conservación das instalacións.

Realizar unha xestión transparente que permita a participación de toda a comunidade educativa, tanto no que se refire a medios e recursos, como á xestión da información e da comunicación.

Mellorar a nosa oferta educativa e a calidade do ensino.

Buscar alternativas para a mellora: “Se sempre facemos o mesmo, sempre obteremos os mesmos resultados”.

O meu reto era facer posible este ideal teórico e conseguir, segundo as premisas nomeadas anteriormente, un centro no que toda a comunidade educativa se sentise orgullosa e satisfeita do noso traballo e bo facer.

A seguir fago un repaso dos obxectivos específicos indicados no proxecto de dirección presentado xunto cos indicadores do grao de consecución dos mesmos.

<b>OBXECTIVOS do proxecto</b>		<b>INDICADORES DE CALIDADE</b>	<b>Grao de consecución. Recursos e dificultades</b>
<b>ÁMBITO PEDAGÓXICO</b>			
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Revisar os documentos de centro</li> <li>• Propiciar un clima de traballo baseado no respecto e a colaboración mútua e apoiar aos compañeiros ante as posibles dificultades que poidan ter no seu traballo.</li> <li>• Mellorar a convivencia escolar</li> <li>• Atender á diversidade do alumnado a través de procesos educativos inclusivos para alumnado con dificultades de aprendizaxe.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>➤ Comprobar que os documentos do centro están actualizados. <input checked="" type="checkbox"/></li> <li>➤ Simulacros de evacuación realizados. <input checked="" type="checkbox"/></li> <li>➤ Incluir o clima de traballo como punto na enquisa de valoración ao final do mandato <input checked="" type="checkbox"/></li> <li>➤ Creación do plan de convivencia <input checked="" type="checkbox"/></li> <li>➤ Tratamento na orde do día de reunións de ciclo de temas relacionados coa igualdade de oportunidades e a non discriminación. <input checked="" type="checkbox"/></li> <li>➤ Nº de actividades e accións desenvolvidas para mellorar especificamente algunha das <input checked="" type="checkbox"/></li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>➤ Nestes catro anos renováronse os seguintes documentos:</li> <li>➤ Plan de evacuación, plan de coordinación de actividades e tarefas, Plan de orientación e acción tutorial, proxecto lingüístico, Plan de atención á diversidade.</li> <li>➤ Asemade creáronse os seguintes documentos:</li> <li>➤ NOF, plan de convivencia, PLAMBE, Plan de acollida, e mailos derivados da situación COVID (adaptacións das programacións, Plan de continxencia, Plan de adaptación)</li> <li>➤ A renovación e creación dos documentos anteriores foi consensuada e feita en colaboración, polos diferentes departamentos implicados en cada documento.</li> </ul>	

<ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>Impulsar as accións necesarias para mellorar as competencias do alumnado.</b></li> <li>• <b>Fomentar o uso da lingua galega no centro</b></li> <li>• <b>Involucrar ao alumnado no coitado e uso responsable dos recursos e instalacións.</b></li> <li>• <b>Desenvolvemento de actuacións que favorezan a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes e a mellora da convivencia escolar ao abeiro da Lei 7/2004 de igualdade e ao DECRETO lexislativo 2/2015</b></li> <li>• <b>Fomentar valores sociais e hábitos saudables entre o alumnado</b></li> <li>• <b>Expoñer os criterios de</b></li> </ul>	<p>competencias no alumnado.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>➤ <i>Comprobar que a documentación do centro está en lingua galega.</i></li> <li>➤ <i>Valorar a través de enquisas a evolución do uso do galego como lingua vehicular no centro.</i></li> <li>➤ <i>Creación de normas de bo uso das instalacións e seguimento das indicacións por parte do profesorado.</i></li> <li>➤ <i>Nº de actividades desenvolvidas en relación ao fomento da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes</i></li> <li>➤ <i>Realización de actividades relacionadas con hábitos saudables</i></li> <li>➤ <i>Incluír os criterios de avaliación na web do centro.</i></li> </ul> <p>Os problemas de convivencia, igualdade e/ou discriminación foron levados ás reunións de ciclo.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>➤ <i>Mantivéronse os equipos de ciclo como órgano de coordinación vertical-horizontal para favorecer a comunicación entre o profesorado.</i></li> <li>➤ <i>Realizáronse enquisas a través de formularios de google</i></li> </ul> <p><a href="https://docs.google.com/forms/d/1VdvUa5OapWloZgTC38_vX3Sn8_xj211yYTI1FmVjN/Js/edit">https://docs.google.com/forms/d/1VdvUa5OapWloZgTC38_vX3Sn8_xj211yYTI1FmVjN/Js/edit</a> sobre o uso do galego.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>➤ <i>Realizáronse anualmente actividades de igualdade, aproveitando as datas do 20 de novembro e 8 de marzo.</i></li> <li>➤ <i>Participouse en relación aos hábitos saudables no proxecto “Mais e mellor actividade física” durante os últimos catro anos consecutivos.</i></li> <li>➤ <i>Creouse na web do centro un espazo para a publicación das programacións didácticas e</i></li> </ul>
---	---

avaliación	publicáronse a través deste medio os criterios de avaliación.
<p><b>ÁMBITO ORGANIZATIVO</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Cumprir as competencias e obrigas marcadas pola lexislación vixente para a dirección do centro</li> <li>• Reorganizar os espazos e optimizar os recursos materiais e económicos de que dispoñemos.</li> <li>• Seguir a fomentar actuacións referidas á formación docente e á innovación educativa.</li> <li>• Potenciar a autonomía dos distintos equipos e departamentos.</li> <li>• Fomenta a participación</li> </ul>	<p><b>INDICADORES DE CALIDADE</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>➤ Cumprimento das obrigas marcadas pola lexislación. <input checked="" type="checkbox"/></li> <li>➤ N° de boletíns internos e externos elaborados ó cabo do 3º ano. <input checked="" type="checkbox"/></li> <li>➤ Análise de boletín-resposta: Preguntas, interese, reaccións, etc. <input checked="" type="checkbox"/></li> <li>➤ N° de actividades de formación e proxectos desenvolvidos no centro. <input checked="" type="checkbox"/></li> <li>➤ N° de reunións habidas por iniciativa dos equipos e departamentos. <input checked="" type="checkbox"/></li> <li>➤ N° de actividades desenvolvidas no centro por iniciativa ou con participación das familias. <input checked="" type="checkbox"/></li> <li>➤ Grado de actualización da web e do blogue do centro. <input checked="" type="checkbox"/></li> </ul> <p>➤ Cumprirse coas obrigas marcadas pola lexislación e cos requerimentos que a inspección educativa/ xefatura territorial nos fixo en cada momento.</p> <p>➤ O número de boletíns do terceiro ano non é significativo dado que debido á situación de pandemia as comunicacións no canto de ser a través de boletíns fixéronse ben á través da web do centro e mailo correo electrónico ou ben directamente canalizadas a través dos/as titores/as.</p> <p>➤ Recollidas nas PXA e memorias anuais, na páxina 15 pode verse un resumo das mesmas extraído de Fprofe.</p> <p>➤ Nos últimos catro anos non houbo reunións extraordinarias por iniciativa dos equipos e departamentos.</p>



<p>das familias no centro, como parte indispensable na tarefa educativa.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Seguir a empregar as páxinas web e blogues do centro como canle de información.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>➤ <input checked="" type="checkbox"/> A ANPA organiza todos os anos e de xeito periódico obradoiros, charlas e actividades abertas a toda a comunidade educativa.</li> <li>➤ <input checked="" type="checkbox"/> Existe colaboración e coordinación coa Asociación de pais/nais para as conmemoracións e actividades a desenvolver.</li> <li>➤ <input checked="" type="checkbox"/> A web do colexio está totalmente actualizada. Existen dúas persoas encargadas do seu mantemento e actualmente é a canle de comunicación oficial coa comunidade.</li> </ul>
<p><b>INDICADORES DE CALIDADE</b></p>	
<p><b>ÁMBITO ECONÓMICO e ADMINISTRATIVO</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Buscar e coordinar tódalas posibles vías de financiación para a realización de melloras de instalacións e o material</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>➤ <input checked="" type="checkbox"/> N° de reunións habidas cada ano</li> <li>➤ <input checked="" type="checkbox"/> Nivel de satisfacción de cada estrutura implicada en canto a clima e eficacia.</li> <li>➤ <input checked="" type="checkbox"/> N° de convocatorias de programas ás que accedemos cada ano.</li> <li>➤ <input checked="" type="checkbox"/> Reunións semanais do equipo marcadas no horario e mensuais dos diferentes equipos.</li> <li>➤ <input checked="" type="checkbox"/> Non poido medir nesta memoria mais que subxectivamente o nivel de satisfacción pero, na valoración do claustro/ consello</li> </ul>

<p><b>didáctico apropiado para facilita-lo traballo do profesorado.</b></p> <ul style="list-style-type: none"><li>• <b>Simplificar determinados trámites administrativos</b></li></ul>	<p>➤ <i>Agrupamento dos documentos administrativos.</i></p> <p>➤ <input checked="" type="checkbox"/></p> <p><i>poderá obxectivamente valorarse este.</i></p> <p>➤ <i>Tódolos anos se participa no proxecto de dinamización de galego, ademais participouse en catro proxectas nos últimos tres cursos.</i></p> <p>➤ <i>A financiación do centro vese facilitada polos recursos obtidos de programas e plans que, a mais de contribuir a súa propia realización benefician tamén ao centro no seu conxunto (Fomento do galego, Pambe, Proxecta, robótica, ...)</i></p> <p>➤ <i>Os trámites administrativos coas familias facilitanse a través da súa agrupación no portelo único da secretaría virtual, con apartado específico na web. Deste xeito os proxenitores, poden realizar moitos trámites administrativos de xeito non presencial.</i></p>
--	---

Creo poder dicir que intentei cumprir fielmente todo o antedito e que todos estes obxectivos se conseguiron grazas á estabilidade do claustro e ao compromiso do profesorado para involucrarse na boa marcha do centro e para participar en proxectos e programas de Innovación Educativa: E-DIXGAL, PLAMBE, Dinamización Lingüística, plans Proxecta e Actividades Extraescolares e Complementarias, que redundan na mellora da calidade educativa dos alumnos e alumnas.

A todo isto, hai que engadir o apoio e colaboración da Administración Educativa, do Concello e da ANPA do centro para axudar a solucionar os problemas que foron xurdindo ao longo destes catro anos.

A nivel económico, a nosa participación en novos proxectos, con dotación económica, permitiunos xestionar os recursos materiais necesarios para o bo funcionamento do centro.

As principais dificultades viñeron dadas pola excesiva carga de traballo burocrático que a Administración Educativa delega nos equipos directivos, pola posta en práctica das diferentes instrucións sobre a aplicación da LOMCE, xaora espérase o mesmo para a LOMLOE (refacer programacións, elaboración de novos plans e proxectos, novas funcións derivadas da administración electrónica, mais tempo para dixitalizar e enviar por sede electrónica ...).

A nivel persoal, e como máximo responsable do centro, considero que conseguín un ambiente de traballo agradable no colexio para toda a Comunidade Educativa, e así o manifestan os profesores prestándose a colaborar en todo canto se propoña e participando en moitos grupos de traballo e proxectos de innovación educativa.

### **3. Situacións que ampliaron ou modificaron o proxecto inicial**

A participación en Proxectos de Innovación Educativa, o aumento das Aulas Edixgal, a potenciación da Biblioteca, o desdobre do segundo curso de primaria en 2019, levaron a canalizar esforzos segundo se ían producindo. Continuar co acondicionamento da biblioteca para illa adaptando aos numerosos actos e actividades que nela se veñen desenvolvendo, acondicionamento durante estes dous últimos anos de catro aulas Abalar, e a dotación de todas as aulas do centro dun encerado dixital interactivo (rematado neste curso pero hai que anovar varias en vindeiros anos), renovación de equipos, renovación logo da solicitude a XT dos espazos de AL en 2018, reorganización das aulas do colexio para acoller o desdobre do segundo nivel en 2019, creación dun grupo de adquisición de linguas para o novo alumnado deste nivel que maioritariamente foi estranxeiro, intervencións no patio para crear novos espazos de xogo (2017), acondicionamento do hall do edificio anexo con recursos propios (2018), acolchado das esquinas e columnas do patio de EI para mellorar a seguridade (2019),..., estas e outras melloras houbo que afrontalas segundo ían xurdindo as necesidades por non comentar as especiais dificultades deste ano por protocolos COVID .

### **4. Referencia aos criterios de avaliación establecidos no artigo 4 da Orde do 21 de decembro de 2010**

#### **A- Dinamización dos órganos de goberno e de coordinación docente do centro e o impulso da participación nestes dos diversos colectivos da comunidade educativa.**

Os equipos de coordinación docente reuníronse cunha periodicidade semanal (un mesmo equipo periodicidade mensual), agás nalgunha data sinalada nos que se substituíu a reunión perceptiva por algunha reunión xeral de carácter informativo ou para a coordinación de actividades complementarias. Para facilitar o tratamento dos

temas facilítase, cando é posible, un guión con algúns puntos de importancia para tratar, así como notas informativas, que permiten que se teña un coñecemento similar dos procesos que se realizan no colexio por parte de todos os ciclos.

Como elemento que pon en común as achegas dos ciclos aos distintos temas tratados e que determina as liñas de actuación unitarias está a Comisión de Coordinación Pedagóxica. Este órgano réunese os primeiros martes lectivos de cada mes, agás, do mesmo xeito que os ciclos, cando se substitúe a súa reunión pola convocatoria dunha reunión xeral.

No tocante a outros órganos, como é o Claustro ou o Consello Escolar do centro, reúnense cando é preceptivo e cando os asuntos pendentes así o requiren. É de sinalar o traballo que dende o equipo directivo se fixo para que se cubrisen as vacantes de todos os sectores da comunidade educativa representados no consello escolar de centro.

Grella para a autoavaliación segundo os <i>CRITERIOS E INDICADORES PARA REALIZAR A VALORACIÓN do anexo II da Orde do 21 de decembro de 2010</i>			
<b>1. Dinamización dos órganos de goberno e de coordinación docente do centro e impulso da participación neles dos diversos colectivos da comunidade educativa.</b>			
1.a	Impulsa a participación dos sectores da comunidade educativa tanto nos órganos colexiados como na súa participación activa na vida do centro.		
1.b	-Prepara as reunións dos órganos colexiados e de coordinación docente: réxime de convocatorias e información subministrada con carácter previo, para o mellor desenvolvemento das reunións.		
1.c	-Executa e fai executar os acordos adoptados polos distintos órganos colexiados e de coordinación docente.		
1.d	-Garante a elaboración dos distintos documentos de organización e xestión do centro, implicando na súa elaboración os correspondentes sectores da comunidade educativa.		

**B- Xestión dos recursos humanos e materiais para proporcionar unha oferta educativa ampla e axustada ás demandas sociais.**

Dentro do noso centro funcionan varios equipos que pretenden, coa súa actividade, satisfacer demandas sociais básicas, como son o coidado do contorno, o fomento da lectura ou a normalización lingüística.

A este nivel tense traballado, e moito, na adecuación dos patios interiores do colexio, a dinamización do espazo da biblioteca.

Tamén, e tal e como se reflectía no PXA, afrontamos o curso pasado a implantación das aulas ABALAR no 5º curso de primaria que xa pasaron a sexto e implantando outras para os novos quintos, quedando así completamente equipadas catro aulas Abalar. Neste proceso, puxemos todo o noso esforzo, xa que consideramos importante a introdución das novas tecnoloxías no ámbito educativo,

Non estivo, sen embargo, carente de problemas. Por unha banda, no curso anterior o atraso na chegada dos equipamentos fixo que o primeiro mes non se puidese comezar co traballo cos ordenadores.

Este curso todo mellorou e os equipamentos das novas aulas xa se instalaron desde o principio do curso escolar e enmendáronse a maioría dos problemas do ano anterior.

Sinalar a reforma dos espazos de PT para adecualos ás necesidades que este tipo de alumnado precisa

<i>Grella para a autoavaliación segundo os</i> <small>CRITERIOS E INDICADORES PARA REALIZAR A</small>				
<i>VALORACIÓN do anexo II da Orde do 21 de decembro de 2010</i>				
	<b>2. Xestión dos recursos humanos e materiais para proporcionar unha oferta educativa ampla e axustada ás demandas sociais.</b>			
2.a	-Propicia o clima de cooperación establecendo mecanismos que permitan a participación e integración das contribucións dos distintos colectivos na toma de decisións.			
2.b	-Presenta propostas de oferta educativa coherentes co contorno do centro e as necesidades formativas do alumnado.			
2.c	-Realiza propostas de necesidades de recursos humanos adecuadas para cumprir os obxectivos do sistema educativo público con eficacia e eficiencia.			
2.d	-Pon ao servizo da comunidade educativa os recursos materiais do centro, dando resposta ás demandas existentes.			

2.e	-Presenta criterios de utilización dos recursos económicos que son aceptados polo centro e executa en tempo e forma o orzamento económico aprobado polo órgano competente.			
2.f	-Dá resposta aos trámites e requirimentos administrativos que se lle trasladan e completa todos os documentos institucionais do centro en tempo e forma adecuados.			
2.g	-Exerce a xefatura do persoal supervisando o cumprimento das obrigas profesionais e toma as decisións derivadas desas responsabilidades.			

**C- Organización de actividades extraescolares que favorezan a apertura do centro, conectando este co seu contorno**

No noso centro están programadas, dende 1º de infantil ata 6º de primaria, unha serie de saídas escolares pola contorna que deberían, ao remate da escolaridade obrigatoria, ter permitido aos nosos alumnos coñecer os lugares e servizos básicos do concello e comarca.

<b>Grella para a autoavaliación segundo os</b> <small>CRITERIOS E INDICADORES PARA REALIZAR A VALORACIÓN do anexo II da Orde do 21 de decembro de 2010</small>				
<b>3. Organización de actividades extraescolares que favorezan a apertura do centro conectando este co seu contorno.</b>				
3.a	-Establece canles e procedementos para incorporar as achegas de todos os sectores da comunidade educativa para actividades complementarias e extraescolares a través do proxecto educativo do centro.			
3.b	-Promove a organización e realización de actividades que respondan ás necesidades dos alumnos, asegura a súa planificación sistemática e a súa periódica actualización.			
3.c	-Establece medidas que garanten a coordinación necesaria da totalidade das actividades complementarias e extraescolares do centro.			
3.d	-Difunde adecuadamente as actividades extraescolares e complementarias entre todos os sectores e favorece, así, a participación.			
3.e	-Fomenta a realización de actividades que teñan como finalidade o coñecemento mutuo, a convivencia e a plena integración de todos os alumnos na actividade do centro.			
3.f	-Promove iniciativas que faciliten a colaboración ou intercambios con outros centros, institucións ou empresas públicas ou privadas.			

**D- Disponibilidade para atender ao alumnado e ás súas familias, ofrecendo información e respondendo ás súas demandas.**

Todos os titores e titoras están dispoñibles para atender ás familias os martes en horario de 16:00 a 17:00h e dando as máximas facilidades para a atención a proxenitores incluso en calquera outro momento do horario que puntualmente queda libre. A parte o Equipo Directivo ten as súas horas de atención distribuídas de tal xeito que durante as mañás hai en todo momento un membro do Equipo directivo dispoñible para atender as demandas das familias.

Tamén queremos, e de feito cremos que o conseguimos, que a web do centro se constitúa nunha referencia informativa no que atinxe a convocatorias de axudas, prazos de matrícula,...

<i>Grella para a autoavaliación segundo os</i> <small>CRITERIOS E INDICADORES PARA REALIZAR A VALORACIÓN</small> <i>do anexo II da Orde do 21 de decembro de 2010</i>				
<b>4. Disponibilidade para atender o alumnado e as súas familias, ofrecendo información e respondendo ás súas demandas.</b>				
4.a	-Facilita os medios necesarios e adecuados para acoller o alumnado e as súas familias nas visitas ao centro educativo, creando un clima positivo de colaboración e participación que tenda á mellora da convivencia.			
4.b	-Promove procedementos que garanten o coñecemento completo dos procesos de ensino-aprendizaxe, tanto por parte do alumnado como das súas familias.			
4.c	-Establece mecanismos para que a acción de tutoría e, se for o caso, a orientación académica e profesional responda ás necesidades do alumnado.			
4.d	-Responde de modo axeitado aos distintos conflitos que xorden no centro, tanto a nivel de condutas contrarias ás normas de convivencia como de circunstancias excepcionais que se producen no normal desenvolvemento da actividade do centro.			



**E- Impulso e posta en marcha de programas de iniciativas de innovación e formación que mellore o funcionamento do centro.**

Hai no colexio un intenso traballo de formación, con grupos de traballo ou seminarios permanentes que abordan distintos aspectos do noso labor: o equipo da biblioteca co PLAMBE, o equipo de orientación con formación en cando a, Autismo e linguaxes alternativas, Ensino Infantil, Ferramentas e recursos para unha educación non presencial, os plans proxecta de Meteoescolas ou MMAF os varios grupos de traballo que cada ano se enmarcan dentro do plan de formación do colexio, ou os traballos que cada ano se realizan dende o equipo de Dinamización lingüística e que cada ano se intentan coordinar coa ANPA para a celebración do entroido.

Na memoria anual do ano anterior, no primeiro claustro e nas primeiras reunións de quipos de cada ano tratamos de coordinar o traballos de formación segundo as necesidades de cada ano para logo ofrecer a participación ao conxunto do claustro.

Os obxectivos principais da formación no noso centro e así se recollen nos obxectivos do PFPP que desenvolvemos dende hai dous anos diríxense a tres liñas de traballo fundamentais como son :

- Integración didáctica das TIC. Traballo colaborativo en rede a través de espazos virtuais. Educación dixital. Enfocado no uso da aula virtual, o E-dixgal e a elaboración de recursos educativos dixitais.
- Escola inclusiva e atención á diversidade
- Iniciativas formativas no ámbito STEM centradoado principalmente na robótica.

No último cuatrienio ademáis caba destacar a intensa formación dende o equipo de biblioteca ligada á entrada no proxecto PLAMBE.

Recóllese a seguir un cadro resumo das actividades desenvolvidas neste cuatrienio.

Curso 2017/18

Actividade	Modalidade	Curso Académico	Data inicio	Data fin
<u>L1701075 - PFPP L1731046 Introducción á robótica educativa e á programación</u>	Curso	2017 / 2018	25/01/2018	15/02/2018
<u>L1706048 - PFPP L1731046 Biblioteca escolar. Centro de recursos da información</u>	Seminario	2017 / 2018	28/11/2017	12/04/2018
<u>L1706048 - PFPP L1731046 Biblioteca escolar. Centro de recursos da información</u>	Seminario	2017 / 2018	28/11/2017	12/04/2018

Curso 2017/18

<b>Actividade</b>	<b>Modalidade</b>	<b>Curso Académico</b>	<b>Data inicio</b>	<b>Data fin</b>
<u>L1706049 - PFPP L1731046 Obradoiro de ciencias para infantil e 1º ciclo de primaria</u>	Seminario	2017 / 2018	13/12/2017	21/03/2018
<u>L1706049 - PFPP L1731046 Obradoiro de ciencias para infantil e 1º ciclo de primaria</u>	Seminario	2017 / 2018	13/12/2017	21/03/2018
<u>L1706050 - PFPP L1731046 Obradoiro de ciencias para 2º e 3º ciclos de primaria</u>	Seminario	2017 / 2018	13/12/2017	21/03/2018
<u>L1706050 - PFPP L1731046 Obradoiro de ciencias para 2º e 3º ciclos de primaria</u>	Seminario	2017 / 2018	13/12/2017	21/03/2018
<u>L1706051 - PFPP L1731046 Integración curricular da robótica e a programación</u>	Seminario	2017 / 2018	15/03/2018	02/05/2018
<u>L1706051 - PFPP L1731046 Integración curricular da robótica e a programación</u>	Seminario	2017 / 2018	15/03/2018	02/05/2018
<u>L1731046 - PFPP 2017/2018 27016728 - CEIP Illa Verde</u>	PFPP	2017 / 2018	10/11/2017	06/06/2018

Curso 2018/19

<b>Actividade</b>	<b>Modalidade</b>	<b>Curso Académico</b>	<b>Data inicio</b>	<b>Data fin</b>
<u>L1801048 - PFPP L1831034 Fundamentos de Moodle</u>	Curso	2018 / 2019	17/01/2019	31/01/2019
<u>L1806041 - PFPP L1831034 O noso centro maker</u>	Seminario	2018 / 2019	09/11/2018	05/06/2019
<u>L1806041 - PFPP L1831034 O noso centro maker</u>	Seminario	2018 / 2019	09/11/2018	05/06/2019
<u>L1806042 - PFPP L1831034 Introducción ao EVA E-Dixgal</u>	Seminario	2018 / 2019	14/03/2019	06/06/2019
<u>L1806042 - PFPP L1831034 Introducción ao EVA E-Dixgal</u>	Seminario	2018 / 2019	14/03/2019	06/06/2019
<u>L1806043 - PFPP L1831034 Traballo por proxectos das STEM a través da biblioteca escolar</u>	Seminario	2018 / 2019	09/11/2018	05/06/2019
<u>L1806043 - PFPP L1831034 Traballo por proxectos das STEM a través da biblioteca escolar</u>	Seminario	2018 / 2019	09/11/2018	05/06/2019
<u>L1831034 - PFPP 2018/2019 27016728 - CEIP Illa Verde</u>	PFPP	2018 / 2019	09/11/2018	06/06/2019

Curso 2019/20

<b>Actividade</b>	<b>Modalidade</b>	<b>Curso Académico</b>	<b>Data inicio</b>	<b>Data fin</b>
<u>L1905037 - PFPP L1931064 Proxectos de robótica educativa</u>	Grupo de traballo	2019 / 2020	12/02/2020	04/06/2020

Curso 2019/20

Actividade	Modalidade	Curso Académico	Data inicio	Data fin
<u>L1905037 - PFPP L1931064 Proxectos de robótica educativa</u>	Grupo de traballo	2019 / 2020	12/02/2020	04/06/2020
<u>L1906065 - PFPP L1931064 Sistemas Alternativos de Comunicación</u>	Seminario	2019 / 2020	07/11/2019	04/06/2020
<u>L1906065 - PFPP L1931064 Sistemas Alternativos de Comunicación</u>	Seminario	2019 / 2020	07/11/2019	04/06/2020
<u>L1906066 - PFPP L1931064 Elaboración de recursos educativos dixitais</u>	Seminario	2019 / 2020	21/11/2019	04/06/2020
<u>L1906066 - PFPP L1931064 Elaboración de recursos educativos dixitais</u>	Seminario	2019 / 2020	21/11/2019	04/06/2020
<u>L1931064 - PFPP 2019/2020 27016728 - CEIP Illa Verde</u>	PFPP	2019 / 2020	10/10/2019	05/06/2020

Curso 2020/21

Actividade	Modalidade	Curso Académico	Data inicio	Data fin
<u>L2005052 - PFPP L2031097 Proxectos de robótica educativa</u>	Grupo de traballo	2020 / 2021	11/11/2020	04/06/2021
<u>L2005052 - PFPP L2031097 Proxectos de robótica educativa</u>	Grupo de traballo	2020 / 2021	11/11/2020	04/06/2021
<u>L2006109 - PFPP L2031097 Recursos dixitais para un ensino telemático</u>	Seminario	2020 / 2021	11/11/2020	04/06/2021
<u>L2006109 - PFPP L2031097 Recursos dixitais para un ensino telemático</u>	Seminario	2020 / 2021	11/11/2020	04/06/2021
<u>L2006110 - PFPP L2031097 Inclusión do alumnado con trastorno do espectro autista</u>	Seminario	2020 / 2021	11/11/2020	04/06/2021
<u>L2006110 - PFPP L2031097 Inclusión do alumnado con trastorno do espectro autista</u>	Seminario	2020 / 2021	11/11/2020	04/06/2021
<u>L2031097 - PFPP 2020/2021 27016728 - CEIP Illa Verde</u>	PFPP	2020 / 2021	11/11/2020	04/06/2021

<p><b>Grella para a autoavaliación segundo os</b> <i>CRITERIOS E INDICADORES PARA REALIZAR A VALORACIÓN do anexo II da Orde do 21 de decembro de 2010</i></p>				
<p><b>5. Impulso e posta en marcha de programas e iniciativas de innovación e formación que melloren o funcionamento do centro.</b></p>				
5.a	-Establece procedementos para a detección das necesidades formativas do profesorado e a resposta axeitada a elas, dentro do seu ámbito de competen- cia			
5.b	-Promove proxectos de formación, innovación e experimentación educativa no centro, facilitando os medios necesarios para a súa posta en funcionamen- to, seguimento e avaliación.			

5.c	-Favorece a participación do profesorado en proxectos e programas de innovación, investigación e actividades de formación, promovendo o intercambio de información con outros centros.			
5.d	-Promove a utilización das tecnoloxías da información e a comunicación e pon ao dispor do profesorado os medios correspondentes para o desenvolvemento destas tecnoloxías na actividade docente.			
5.e	-Impulsa plans de autoavaliación e mellora ou sistemas de mellora da calidade no centro co fin de conseguir a constante evolución e perfeccionamento das actividades docentes.			
5.f	-Incorpora á programación xeral anual as propostas contidas na memoria anual do centro e nas memorias dos distintos equipos ou departamentos didácticos, de ser o caso.			

**F- Dinamización da atención á diversidade dos alumnos con necesidades educativas especiais.**

Somos un centro que atende a varios alumnos con dificultades moi específicas, en dous casos xerando incluso praza de atención específica e noutros dous existe a posibilidade de solicitala dadas as especiais características da atención que requiren. Isto para nós, constitúe todo un reto para compatibilizar unha atención o máis individualizada posible cos beneficios da integración.

A este alumnado tentamos integralos segundo as indicacións do departamento de orientación e no seu caso do EOE, na meirande parte das horas que se pode facer cunha certa expectativa de integración real.

No resto do alumnado procuramos que os apoios, a non ser nos exercicios logopédicos, se realicen no grupo clase, xa que así consideramos que son máis efectivos e non teñen carga negativa algunha. Cando isto, por razóns organizativas, non se pode levar a cabo, dispoñemos de tres aulas, dúas de PT e unha de AL e organizamos o resto de espazos para empregar outras aulas que en cada momento estean libres por estar o alumnado en EF para que os grupos de recuperación e reforzo, poidan realizar as súas tarefas.

Queremos sinalar que non só é o profesorado de PT quen realiza estas tarefas de apoio, senón que calquera hora libre que se atopa nos horarios se adica a apoios,

xa que consideramos importantísimo o traballo para recuperar na medida do posible o rendemento destes e do resto de alumnado que o precisa.

<i>Grella para a autoavaliación segundo os</i> <small>CRITERIOS E INDICADORES PARA REALIZAR A</small> <i>VALORACIÓN do anexo II da Orde do 21 de decembro de 2010</i>			
<b>6. Dinamización da atención á diversidade dos alumnos con necesidade específica de apoio educativo.</b>			
5.a	-Promove o Plan de atención á diversidade: difusión, aplicación, seguimento e avaliación.		
5.b	-Favorece a detección das necesidades do alumnado de forma sistemática e planificada, cos distintos profesionais implicados.		
5.c	-Impulsa a coordinación entre os departamentos didácticos co fin de establecer procesos pedagóxicos homoxéneos compatibles entre si e concordantes co Plan de atención á diversidade.		
5.d	-Establece o seguimento dos procesos pedagóxicos para garantir a aplicación adecuada de medidas de atención á diversidade.		
5.e	-Colabora coa inspección educativa para o control dos horarios dos apoios establecidos e o seguimento e avaliación das medidas adoptadas.		

### 6- Outros

Noutro orde de cousas e grazas ao voluntarismo dalgúns compañeiros e ao apoio da ANPA acometeuse o enfeitado dos patios de xogo, debuxando mariolas e circuitos acordes ao alumnado de cada patio ou ao repintado dos campos de xogo e porterías.

### 5. Conclusións e propostas de mellora

Considero que a labor realizada durante este período, coa colaboración de toda a comunidade educativa, da administración educativa e a implicación das diferentes entidades locais e provinciais, pode ser continuada durante outros catro anos. As liñas de acción serán as mesmas que aparecen na introdución desta memoria.

As propostas de mellora cara o futuro son:

\* Traballar pola mellora das competencias básicas do noso alumnado, co obxectivo de mellorar os resultados da avaliación de diagnóstico.

\* Acadar o máximo desenvolvemento do programa ABALAR. Con isto inténtase conseguir que todos os alumnos rematen a súa ensinanza obrigatoria cunha competencia dixital elevada.

\* Continuar, como complemento á competencia dixital do punto anterior co programa de robótica escolar e incluír digicraft nos últimos cursos de EP.

\*Levar a cabo as accións necesarias para que profesorado dispoña cos medios necesarios en canto as TICs para desenvolver o seu labor docente. Como punto inicial renovar os encerados dixitais das aulas de EI.

\*Favorecer a participación das familias a través do Espazo ABALAR.

\* Xeralizar o uso da aula virtual para a atención ao alumnado convalecente.

\*Seguir poñendo en práctica o Plan de autoprotección, de emerxencia e de evacuación, que foi elaborado fai anos e adaptalo aos novos espazos.

\* Promover melloras estruturais que redunden na confortabilidade da vida académica do centro e que emenden as deficiencias que leva consigo o paso dos anos sobre os edificios e sobre o equipamento.

**Seguir potenciando a Biblioteca, como, para que siga sendo un lugar aberto, accesible, creativo e que sexa un lugar de todos, que día a día construímos entre todos, e que ofrecemos física e virtualmente a todos os que desexen achegarse a un libro.**

*O colexio é de todos, e entre todos queremos conseguir unha educación integral que axude aos nosos alumnos a adquirir os coñecementos, experiencias e os valores éticos e morais que precisan para o seu mellor desenvolvemento persoal.*

Lugo a 19 de xaneiro de 2020.

  
  
Asdo: Carlos Vázquez Fernández